

**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

*ANUNCIO do 25 de maio de 2021, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, polo que se publica o acordo de iniciación do expediente de clasificación do monte Gandarela, a favor da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Lourizán, da parroquia de Lourizán, no concello de Pontevedra.*

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, na sesión celebrada o día 9 de xullo de 2019, acordou iniciar os trámites para a clasificación como veciñal en man común do seguinte monte:

Concello: Pontevedra.

Parroquia: Lourizán.

Ref. catastral: 36900A013002830000QX.

Nome do monte: Gandarela.

Cabida: 2.764 m<sup>2</sup> (superficie alegada na solicitude).

Estremas:

Norte: rúa Camelias.

Sur: predio particular.

Leste: urbanización residencial de Ence e outros predios particulares.

Oeste: dominio público marítimo-terrestre.

O que se pon en coñecemento de todas as persoas interesadas, indicándolles que se abre un período dun mes para que poidan examinar o expediente e efectuar as alegacións que coiden convenientes, así como achegar os documentos ou informacións que xulguen oportunas, de conformidade co disposto no artigo 23 do Decreto 260/1992, do 4 de setem-



bro, polo que se aproba o regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Pontevedra, 25 de maio de 2021

Amalia Elsa Pazos Pintos  
Instrutora do Xurado Provincial de Clasificación  
de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra

